

Tratado de zooloxía para corazóns mancados é un máis que orixinal libro de poemas de Raúl Gómez Pato (Velle, Ourense, 1966), quen xa nos sorprendera no 2003, co seu *Verba quae supersunt* en que, como xa comentamos no seu día, advertíamos a presenza do escarpelo da ironía. O que agora recensionamos contén unha categorización animalésca que o autor aplica a situacións e persoas que percorreron a súa vida e que axitaron o seu corazón. Cada acto da vida, cada emoción subseguinte, estaría asociado a un ser vivo da fauna terrestre, celeste ou subacuática. O parentesco nacería, sempre, dunha analoxía poética. Como acontece nestes casos, o ser humano aplicaríaa a casos do mundo animal a súa ansia de clasificación, de taxonomía. A orixinalidade deste poemario radica, entón, na identificación radical do pathos cos patos, cos parrulos, coas aves, cos peixes ou con calquera outro membro dos seres irracionais. Estaríamos, en resumidas contas, diante dun bestiario sentimental.

E que sentimentos

Secretos sufrimentos

Tratado de corazóns mancados

ROMÁN RAÑA

predominan neste bruto maremagnum? Pois o fastio, o cansazo, a soidade e o desamor. Enumerados deste xeito, poderíamos dedu-

cir que o libro agoniza nas nosas mans polo peso da congoxa. Mais non é así. O que redime da dor, ou máis ben mitiga o seu fustigamento resulta

ser, de novo, a ironía, a distancia irónica que impide que a ferida sangre, que o verso se desangre. Podemos observalo no excelente poema "Tigre", que alguén podería asociar con Borges, mais que aquí se emparenta co propio acto creativo: ao igual que o carnívoro feroz se abalanza sobre a presa, así o creador se enfronta á páxina en branco. Excepto cando nos

falta a inspiración: "Puidese suceder que o tigre/pase fame esta noite/entrementes eu miro a cidade encamada/desde o baleiro da miña fiesta".

A técnica poética de Gómez Pato segue sendo a narrativa. Así podemos comprobalo lendo "Ra", que acaba sendo un breve e intenso relato. Ou "Oso", que ten unha interesante estrutura circular. Sen esquecer unha única incursión no soneto, "Cabalo", ou tamén o mergullo na mitoloxía gregolatiná, da man da coñecida aporía de Zeón de Elea na peza "Tartaruga"q, onde descubrimos que Aquiles é a duración do que pasa, que todo atinxe: "E pretendes que xamais te alcance/O tempo/Aquiles de dedas lixeiras/E funestas,/Que avanzará inexorablemente./Un pouco máis da metade do que ti percorras."

Neste poemario conviven, pois, os corvos coas patrañas, os desenganos amorosos coas formigas, o desamparo coas cascudas, o podredume do convivio coa curuxa. Estraño e variopinto, tamén dos sufrimentos secretos, este tratado dos corazóns mancados.

GÓMEZ PATO, Raúl, *Tratado de zooloxía para corazóns mancados*, Ed. Positivas, Santiago, 2010, PVP 6 €

